XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15026807 | IES Félix Muriel | Rianxo | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Ámbito lingüístico social | 3º ESO | 12 | 420 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

**Contido** **Páxina**


| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 7 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 8 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 35 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 38 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 39 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 41 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 43 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 43 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 45 |
| 7.2. Actividades complementarias | 47 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 48 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 49 |
| 9. Outros apartados | 50 |

## 1. Introdución

Segundo DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, "na etapa da educación secundaria obrigatoria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade, e para evitar a permanencia nun mesmo curso". Neste sentido, "os programas de diversificación curricular (PDC) consisten nunha modificación e nunha adaptación do currículo desde o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria e están orientados á consecución do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria por parte do alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e para o cal, tras ter recibido medidas de atención á diversidade nos dous primeiros cursos da etapa, se considere que é a medida máis axeitada para a obtención do dito título, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación". O PDC inclúe dous ámbitos específicos, dos cales o que nos ocupa é "o ámbito Lingüístico e Social, que inclúe os aspectos básicos do currículo das materias de Lingua Castelá e Literatura, Lingua Estranxeira, Lingua Galega e Literatura e Xeografía e Historia".
Os doce obxectivos deste ámbito supoñen "unha progresión con respecto aos adquiridos polo alumnado durante os anos de escolarización previa e serán o punto de partida para esta nova etapa, cuxa finalidade é a obtención do título de graduado en ESO, para garantir a súa inclusión social e, posteriormente, a súa inserción no mundo laboral”. Para isto, o currículo do ámbito Lingüístico e Social aborda as dimensións comunicativas, interculturais, cidadás e cívicas necesarias:

- Para desenvolver unha cidada-nía activa, ao comprender de onde vimos, é dicir a natureza histórica das relacións sociais, das actividades económicas e das manifestacións culturais, e analizar as consecuencias dos cambios producidos. Ao comprender tamén as orixes e a evolución dos procesos de integración europea e a súa relevancia no presente e no futuro da sociedade española e da nosa comunidade, é dicir, quen somos, fomentando os valores do europeísmo e defendendo os Dereitos Humanos, para contribuír a crear un mundo máis solidario, sustentable e xusto no que se recoñeza a a realidade multicultural e se defenda a igualdade e a inclusión evitando discriminacións e violencias. E, finalmente, ao valorar os principios básicos do sistema democrático fronte á ditadura e o golpe de estado do 36, analizando as normas que nos rexen: constitución e estatuto, para saber cara onde imos.
Estes son os tres obxectivos (OBX 1-2-3) vinculados sobre todo ao primeiro dos criterios de avaliación (CA1) e ao Bloque 1 dos saberes básicos: «Ciencias Sociais».

- Para relacionarse en sociedade e achegarse a outros pobos e culturas, é dicir, para a comprensión e posta en valor da realidade plurilingüe en que nos movemos ou, como sinala o Decreto 157/2022, para o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal de Galicia, da Península Ibérica e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio por esa diversidade, combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e estimular a reflexión interlingüística e sociolingüística. Para mediar en situacións cotiás entre distintas linguas.
Estes son os dous últimos obxectivos do Ámbito (OBX 11-12), vinculados especialmente ao segundo criterio de avaliación (CA2) e ao Bloque 2 dos saberes básicos: «As linguas e os seus falantes»

- Para buscar, seleccionar e analizar criticamente a información e xerar e difundir ideas e opinións, é dicir, converter esa información en coñecemento propio, para unha aprendizaxe instrumental ou, como sinala o Decreto 157/2022, para a produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo e social.
Así o recollen especialmente dous dos obxectivos do Ámbito (OBX 4-5), vinculados maioritariamente ao terceiro criterio de avaliación (CA3) e ao Bloque 3 dos saberes básicos: «Comunicación».

- Para expresar a súa afectividade e regular as súas emocións a través da lectura, servíndose da literatura como fonte de pracer e enriquecemento persoal ou, como sinala o Decreto 157/2022 a respecto da competencia literaria, para desenvolver unha maior capacidade de abstracción e sistematización, así como o manexo dunha metalinguaxe específica que permita unha aproximación máis reflexiva aos usos orais e escritos a través de dúas modalidades de lectura guiada e autónoma.
Así o recolle especialmente o quinto obxectivo (OBX 6), vinculado ao cuarto criterio de avaliación (CA4) e ao Bloque 4 dos saberes básicos: «Educación literaria»

- Para reflexionar sobre o funcionamento da lingua, é dicir, para a aprendizaxe formal da propia lingua ou, como sinala o Decreto 157/2022, para abordar a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación,

establecendo unha relación entre coñecemento gramatical explícito e uso da lingua, a partir da reflexión e da comunicación de conclusións coa metalinguaxe adecuada.
Este á o sétimo dos obxectivos (OBX 7), vinculado ao quinto criterio de avaliación (CA5) e ao Bloque 5 dos saberes básicos: «Reflexión sobre a lingua».

- Para comunicarse nunha lingua estranxeira, servíndose dos coñecementos das linguas oficiais e transferindo eses coñecementos coa fin de interactuar nesa lingua estranxeira con outras persoas e con crecente autonomía.

Así o recollen especialmente tres obxectivos (OBX 8-9-10), vinculados ao sexto criterio de avaliación (CA6) e ao Bloque 6 dos saberes básicos: «Comunicación en lingua estranxeira».
CONTEXTUALIZACIÓN
O IES Félix Muriel é o único centro de ensino secundario e postobrigatorio do concello de Rianxo. A el están adscritos, polo tanto, todos os Colexios de Educación Infantil e Primaria do termo municipal. Dada esta situación, sería de esperar que a oferta do noso centro educativo fose plural e diversa, para poder atender ás necesidades e expectativas do alumnado deste concello. A pesar diso, o noso centro só ofrece as ensinanzas regradas obrigatorias na ESO, cunha atención á diversidade e ás necesidades educativas do alumnado que vén de enriquecerse coa oferta do primeiro curso do Programa de Diversificación Curricular (PDC); se ben a oferta no ensino postobrigatorio segue a ser raquítica e non dá cabida ás necesidades da contorna, pois só oferta dúas liñas no Bacharelato e un Ciclo Formativo de Atención Sociosanitaria. Tendo en conta que no noso centro abunda o alumnado que realiza estudos musicais, non é doado para eles combinalos cun Bacharelato que non se corresponde cos seus interese, polo que moitas veces deben trasladarse a outro centro e, polo tanto, a outro concello. Por outra banda, o noso Ciclo Formativo precisaría dunha FP Básica acorde cos seus módulos e dunha continuidade a través dun Ciclo Superior. Ademais falta algún outro tipo de oferta formativa relacionada cos intereses económicos e produtivos da contorna, dado que Rianxo é un pobo que segue a vivir do mar.

Con respecto á situación social que vive aquí a lingua propia de Galicia, cabe dicir que Rianxo é unha vila moito menos castelanizada que as da súa contorna (A Pobra, Boiro ou Ribeira). Como recolle o informe realizado polos técnicos da RAG, MAPA SOCIOLINGÜÍSTICO ESCOLAR DO IES FÉLIX MURIEL 2022-2023, "O IES Félix Muriel ten un alumnado principalmente galegofalante. Os usos monolingües en castelán non acadan o 20% do alumnado total. A distribución no ciclo medio afástase da xeral do centro, sendo os castelanfalantes o 50% do total". E o que é máis importante: "Os datos de uso habitual correspóndense cos datos declarados sobre a lingua inicial, non apreciándose procesos de cambio lingüístico asociados á escolarización". Estes datos inciden nun "modelo Rianxo" desenvolvido a través dos proxectos de innovación do ENDLG e asentado a través da metodoloxía TIL, como sinala o informe dos académicos cando afirma: "Respecto á idade de aprendizaxe, o alumnado galegofalante adquire ambas as dúas linguas asemade, mentres o alumnado castelanfalante atrasa a adquisición do galego á escolarización obrigatoria, xunto coa lingua estranxeira".
Porén, no que refire á autopercepción das competencias e a eficacia, o informe da RAG, coincidindo co que xa sinalaramos no PLC elaborado no curso 2017-18, recolle que "a maioría do alumnado síntese máis seguro no galego, en especial na comunicación oral informal. Polo contrario, a percepción da competencia é maior para o castelán nos usos escritos formais e, sobre todo, na comprensión escrita". Ademais, nos últimos catro anos, detectamos actitudes negativas ou indiferentes cara a lingua por parte dun número de alumnas e alumnos, as cales consideramos que forman parte do elenco de prexuízos sobre a viabilidade do galego na nosa sociedade en xeral. Estes prexuízos medran curso a curso, fornecidos pola falta de apoio institucional para impulsar medidas serias que freen a sangría de falantes, que apoien o labor dos Equipos de Normalización Lingüística ou que visibilicen a lingua a través dos medios de comunicación de masas.

Dado este contexto, consideramos un obxectivo fundamental para o ámbito Lingüístico e Social a loita contra os prexuízos de todo tipo e especialmente os lingüísticos desde unha óptica proactiva que sitúe o alumnado como aprendices plurilingües, para que sexan quen de ver a riqueza que supón a aceptación da diversidade como un reforzamento da propia identidade.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Identificar e comprender a natureza histórica das relacións sociais, das actividades económicas, das manifestacións culturais e dos bens patrimoniais materiais e inmateriais que compartimos, analizando as súas orixes e evolución e identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos, os problemas actuais e os seus valores presentes, para realizar propostas que contribúan a respectar os sentimentos de pertenza, o benestar futuro e o desenvolvemento da sociedade. | 1-2-3 | | 5 | 1-2-3 | 1-3 | 1-4 | 1 | 1-2-3 |
| OBX2 - Comprender as orixes e a evolución dos procesos de integración europea e a súa relevancia no presente e no futuro da sociedade española e das comunidades locais, destacando a contribución do Estado, as súas institucións e as entidades sociais á paz, á cooperación internacional, á cohesión social, á solidariedade territorial, ao desenvolvemento sustentable e á cidadanía global con base nos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, para contribuír a crear un mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto no que se recoñeza a conformación dunha realidade multicultural e se valore a contribución dos movementos en defensa da igualdade e da inclusión evitando discriminacións e violencias. | 1-2-3 | | 1 | 1-2-3 | 1-3 | 2-3-4 | 1-3 | 3 |
| OBX3 - Valorar os principios básicos do sistema democrático e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, analizando de forma crítica as formulacións históricas e xeográficas, as institucións e as diferentes organizacións políticas e económicas en que se manifestan, para adecuar o comportamento propio ao cumprimento dos devanditos principios. | 1-2-5 | 3 | 1 | 1-2-3 | 1-3 | 2-3-4 | 2 | 1-3 |
| OBX4 - Comunicar en lingua castelá e galega de maneira cooperativa e respectuosa, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e á súa adecuación a diferentes ámbitos e contextos, para dar resposta a necesidades concretas | 1-2-4-5 | 1-2-3 | 1-4 | 1-2-3-4-5 | 1-2-3-4 | 1-3 | 1-3 | 1-2 |
| OBX5 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, adoptando un punto de vista crítico e persoal á par que respectuoso coa propiedade intelectual. | 1-2-3-5 | 1-3 | 2 | 1-2-3-4-5 | 4 | 3 | 1-3 | 2-4 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX6 - Ler, interpretar e valorar fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais para establecer vínculos entre textos diversos co fin de conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozar da literatura e crear textos de intención literaria. | 1-4-5 | 1-2-3 | 1 | 1 | 1 | 1-3 | 1-3 | 1-2-3-4 |
| OBX7 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica. | 1-2 | 1-2-3 | 2-4 | 2-3 | 4-5 | 1-3-4 | 1-3 | 1-2-3 |
| OBX8 - Comprender e interpretar, en lingua estranxeira, o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas. | 2-3 | 1-2 | 1 | 1 | 5 | | | 2 |
| OBX9 - Producir, en lingua estranxeira, textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos. | 1 | 1-2 | 1 | 2 | 5 | | | 2 |
| OBX10 - Interactuar en lingua estranxeira con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía. | 5 | 1-2 | 1 | 3 | 3 | 3 | | |
| OBX11 - Mediar en situacións cotiás entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable. | 5 | 1-2-3 | 1 | | 1-3 | 1-3 | | 1 |
| OBX12 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento e tomando conciencia das estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas. | | 2 | 1 | 2 | 1-5 | | | |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Quen somos? DiverSOS | Situación de aprendizaxe que xira arredor da DUDH e a súa defensa no contexto do 25N. Está estruturada en catro SD e un proxecto do que sairá o produto final da mesma para celebrar o 10 de decembro.<br>A finalidade da mesma é analizar as identidades individuais e nacionais, así como a necesidade de defender os dereitos que temos como seres humanos nun momento histórico no que volven estar ameazados. De aí o subtítulo en forma de resposta á pregunta enunciada no título: ¿DiverSOS¿.<br>- A primeira secuencia didáctica servirase da descrición (Eu son...)<br>- A segunda secuencia didáctica servirase da exposición-presentación (Olympe de Gouges. Liberté, egalité et fraternité)<br>- A terceira secuencia didáctica servirase da narración-diario (25N. Dereitos humanos e non violencia)<br>- A cuarta secuencia didáctica servirase do debate en torno aos Dereitos Humanos e o seu grao de consecución. (Lingua inglesa).<br>- O proxecto do que nacerá o produto final xira arredor da declaración (exposición-argumentación) | 32 | 140 | X | | |
| 2 | De onde vimos? De servas a cidadás | Situación de aprendizaxe que xira arredor da transformación política dos seres humanos desde a servidume á cidadanía e a súa concreción na loita pola igualdade no contexto do 8M. Está estruturada en catro SD e un proxecto do que sairá o produto final da mesma para celebrar o 8M. A finalidade da mesma é analizar as consecuencias dos cambios producidos na sociedade a partir das revolucións industriais e o papel da muller na conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. De aí o subtítulo en forma de resposta á pregunta enunciada: ¿De servas a cidadás¿.<br>- 1ª SD: liña de tempo (métodos de investigación)<br>- 2ª SD: comentario (comprensión do pasado para entender as noticias actuais)<br>- 3ª SD: poesía (De Rosalía a Rosalía) | 33 | 140 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | De onde vimos?<br>De servas a cidadás | - 4ª SD: presentación dunha figura feminina relevante na consecución da igualdade de dereitos. (Lingua inglesa).<br>-Proxecto: creación dunha liña do tempo, ilustrada con figuras femininas de relevancia histórica e con información nas súas linguas. | 33 | 140 | | X | |
| 3 | A onde imos?<br>Estado de emerxencia climática | Situación de aprendizaxe que xira arredor da emerxencia climática e a súas consecuencias para as mulleres, no contexto do 5 de xuño; sinalando a necesidade do decrecemento e comprendendo os conceptos de Ecoloxismo, Ecolingüismo e Ecofeminismo. Está estruturada en catro SD e un proxecto do que sairá o produto final da mesma para celebrar o 5X. A finalidade da mesma é fomentar o compromiso cívico e social na procura dunha solución para crise climática. De aí o subtítulo en forma de resposta á pregunta enunciada no título: ¿Decrecemento¿.<br>- SD1: explicación-exposición oral planificada con apoio de presentación informática (ciberanzol, desinformación, calotes)<br>- SD2: produción audiovisual (Crise climática, muller e lingua)<br>- SD3: dramatización (O último roedor?)<br>- SD4: cuarta secuencia didáctica servirase do debate sobre os obxectivos da axenda 2030. (Lingua inglesa).<br>- Proxecto: creación dun decálogo nas tres linguas do ámbito para acadar a sustentabilidade nas sociedades do século XXI | 35 | 140 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Quen somos?<br>DiverSOS | 140 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos, realizando as inferencias necesarias e atendendo a diferentes propósitos de lectura. | Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, realizando as inferencias necesarias e atendendo a distintos propósitos de lectura. | PE | 10 |
| CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo aspectos discursivos e lingüísticos, con corrección ortográfica e gramatical. | | |
| CA6.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes. | Extraer o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais e escritos sobre temas cotiáns e próximos á experiencia do alumnado sempre que a súa expresión sexa clara e sinxela. | | |
| CA6.2 - Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado. | Interpretar os trazos discursivos de textos cada vez máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais e dos medios de comunicación social sempre que sexan axeitados ao seu grao de madurez. | | |
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos usando fontes fiables do presente e da historia contemporánea e xerar produtos orixinais e creativos como proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, como a interpretación de imaxes, e utilizar secuencias cronolóxicas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos. | Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida de datos usando fontes fiables e xerar produtos orixinais e como proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, como a interpretación de imaxes. | TI | 90 |
| CA1.2 - Identificar os elementos da contorna física e humana e comprender o seu funcionamento e analizar as súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Identificar os elementos da contorna física e humana e analizar as súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación. | | |
| CA1.5 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e dos demais, a riqueza das identidades múltiples e o recoñecemento das súas expresións culturais. | | |
| CA1.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da nosa identidade colectiva, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos e apreciando o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común. | Valorar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da nosa identidade colectiva, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos e apreciando o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.8 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade que conformou a sociedade globalizada e multicultural actual recoñecendo a achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados e xerando unha conciencia solidaria mediante o traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade da sociedade multicultural actual recoñecendo a achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | | |
| CA1.9 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos. | Coñecer dereitos e deberes e actuar en favor da defensa dos valores constitucionais e democráticos. | | |
| CA2.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as súas variedades dialectais, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, contrastando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español e do galego, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro, en manifestacións orais, escritas e multimodais. | Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as súas variedades dialectais, con atención especial ao galego e ao castelán, contrastando os trazos dos dialectos do español e do galego, diferenciándoos dos sociolectos e dos rexistros, en manifestacións orais, escritas e multimodais. | | |
| CA2.2 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística en contextos comunicativos cotiáns dos ámbitos persoal e profesional e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos. | Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade en contextos comunicativos cotiáns e da reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas. | | |
| CA2.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación. | Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e non verbais da comunicación. | | |
| CA2.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, tanto no ámbito persoal como educativo e social e profesional. | Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, tanto no ámbito persoal como educativo e social e profesional. | | |
| CA2.5 - Aceptar e valorar a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia. | Aceptar e valorar a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a democracia. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos, realizando as inferencias necesarias e atendendo a distintos propósitos de lectura. | Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, realizando as inferencias necesarias e atendendo a distintos propósitos de lectura. | | |
| CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos e lingüísticos empregados. | Valorar a forma e o contido de textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade, avaliando a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos e lingüísticos empregados. | | |
| CA3.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | Realizar exposicións e argumentacións orais de certa extensión e complexidade axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | | |
| CA3.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | | |
| CA3.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión atendendo á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta, e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado. | Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión atendendo á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle; redactar borradores e revisalos, e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado. | | |
| CA3.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo aspectos discursivos e lingüísticos, con corrección ortográfica e gramatical. | | |
| CA3.7 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, tanto analóxicas como dixitais, evitando os riscos de manipulación e desinformación e calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizar e integrar a información en esquemas propios, e reelaborala e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico respectando os principios de propiedade intelectual. | Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, evitando a desinformación; organizar a información en esquemas, reelaborala e comunicala adoptando un punto de vista crítico respectando a propiedade intelectual. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.9 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística, e identificar e solucionar problemas de comprensión utilizando os coñecementos sobre a lingua e o seu uso. | | |
| CA3.10 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica. | Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor. | | |
| CA4.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos e lingüísticos empregados. | Valorar a forma e o contido de textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade, avaliando a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos e lingüísticos empregados. | | |
| CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia de lectura. | Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector explicando os criterios de selección das lecturas e a experiencia de lectura. | | |
| CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo a configuración e evolución dos xéneros e subxéneros literarios. | Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico. | | |
| CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais e outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura. | Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais e outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores. | | |
| CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Crear textos persoais con intención literaria, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos. | | |
| CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística, e identificar e solucionar problemas de comprensión utilizando os coñecementos sobre a lingua e o seu uso. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica. | Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor. | | |
| CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da manipulación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | Formular xeneralizacións sobre aspectos do funcionamento da lingua a partir da manipulación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contra exemplos, consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | | |
| CA6.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz. | Seleccionar, organizar e aplicar algunhas estratexias para comprender os sentido xeral , a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos axudándose dos elementos non verbais presentes na situación de comunicación. | | |
| CA6.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación básicas. | Expresar oralmente textos sinxelos, minimamente estruturados, comprensibles, coherentes e axeitados á situación de comunicación sobre asuntos cotiáns ou do interese do alumnado, empregando estratexias de planificación, control, compensación e cooperación. | | |
| CA6.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio. | Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adecuación á situación comunicativa proposta sobre asuntos cotiáns de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado. | | |
| - esquemas, mapas conceptuais, resumos¿).<br>- Achegamento ao emprego correcto do sistema de citación e uso das referencias bibliográficas nas creacións propias.<br>- Utilización responsable das tecnoloxías da información e da comunicación. Dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais, tanto para a procura de información, como para a realización de proxectos escolares.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Identificación e emprego de recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.<br>- Uso coherente das formas verbais nos textos. Os tempos de pretérito na narración. Correlación temporal no discurso relatado.<br>- Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.<br>- Lectura autónoma.<br>- Expresión, a través de modelos, da experiencia lectora e de diferentes formas de apropiación e recreación dos textos lidos.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitado dos textos escritos en lingua castelá atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos escritos en lingua galega atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.<br>- Lectura guiada.<br>- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras. Discusións ou conversacións literarias, debates e disertacións literarias.<br>- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de par<br>- Relación e comparación dos textos lidos en lingua galega e lingua castelá con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, estruturas e linguaxes.<br>- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios, atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino. Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, co<br>- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).<br>- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.<br>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua.<br>- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.<br>- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. |

| Contidos |
|---|
| - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares |
| - Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negació |
| - Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns. |
| - Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos. |
| - Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colabora |
| - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc. |
| - Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas et |
| - Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do re |
| - Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico pers |
| - Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas. |
| - Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). |

**4.1. Concrecións metodolóxicas**

Dado que o contacto entre linguas é o fenómeno máis habitual nas sociedades do século XXI. Ese contacto pode servir para aproximarnos ou para afastarnos. O reto da escola é lograr que o fenómeno do contacto entre linguas sexa un instrumento para a aproximación, a comprensión, o respecto e a aceptación do outro, do diferente, en consecuencia, do mundo. Tendo en conta que hai que aprender a preservar a diversidade, porque non se protexe o que non se coñece, importa educar para a interacción con aquel/a que utiliza outra(s) lingua(s). Educar na

intercomprensión, na e para a diversidade lingüística, é o camiño escollido pola UNESCO desde 2006 e supón, ao mesmo tempo, educar para a cidadanía, educar no diálogo, para a paz, a democracia e a xustiza social.

Agora ben, habitamos un mundo absorbido pola globalización no que o dominio do inglés instalouse como un dogma que non pode ser cuestionado nin criticado. Este proceso de homoxeneización lingüística é contrario á diversidade e inimigo da democracia. De aí o papel fundamental da escola para o desenvolvemento da competencia plurilingüe, para formar galegos e galegas políglotas, usuarios/as de diversas linguas, a través dunha metodoloxía baseada no tratamento integrado de linguas, desenvolvendo un plurilingüismo inclusivo, en cuxo corazón resida a normalización da lingua galega.

É por todo isto que asumimos o Tratamento Integrado de Linguas (TIL), como marco metodolóxico, pois trátase dunha corrente na didáctica das linguas que persegue que todas as linguas curriculares compartan os mesmos principios metodolóxicos e o mesmo enfoque didáctico. Por outra parte, o TIL considera o punto de partida diferente de cada unha delas. Daquela, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que cómpre desmontar e superar.

Partindo das aprendizaxes previas adquiridas, a través de operacións e percepcións concretas na Educación Primaria, o Ámbito ten como finalidade o desenvolvemento de operacións formais e de razoamentos lóxicos e conceptuais que permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Así mesmo, esta etapa deberá permitir a adquisición e o logro das competencias indispensables para o futuro formativo ou profesional.
Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

- Utilización dunha metodoloxía flexible, na que se combinen os contidos de Comuni-cación e Ciencias Sociais, deseñando actividades interdisciplinares e se manteña un enfoque global para evitar solucións únicas ás situacións propostas e fomentar o descubrimento polo propio alumnado.
- Utilización dunha metodoloxía activa, baseada no desenvolvemento competencial, que atenda á diversidade e respecte os distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, a travéss do deseño de tarefas significativas que combinen o labor individual e o colaborativo. Estas tarefas formarán parte de situacións de aprendizaxe contxtualizadas e reais, que tamén incluirán proxectos.
- Utilización de extratexias interactivas, do translingüismo e dun enfoque comunicativo nas Linguas Oficiais (actividades de creación de textos, planificación de exposicións orais sinxelas ou debates sobre temas de actualidade, lectura, comprensión e análise de textos orais e escritos de diversa índole).

• Utilización tamén dun enfoque comunicativo na Lingua Estranxeira, orientado á acción, tal e como propón o Marco común europeo de referencia, a través de tarefas que dean resposta a necesidades comunicativas da vida real e a través do deseño de proxectos significativos para o alumnado.

• Utilización dunha metodoloxía práctica para o deseño de tarefas asociadas ás Ciencias Sociais (identificación e localización temporal de feitos, personaxes, movementos; análise críti-ca das grandes transformacións da sociedade; contraste das informacións procedentes de distintas fontes para que poder comprender que os feitos do pasado teñen vixencia no presente.

• Utilización de estratexias para o fomento do hábito lector (achegamento a fragmentos de obras clásicas, selección de fragmentos de obras próximas ás súas experiencias, fomento da banda deseñada).

**4.2. Materiais e recursos didácticos**

| Denominación |
|---|
| • Aula Virtual do IES Félix Muriel.<br>• Plataforma Edixgal. (EVA)<br>• 3 Situacións de Aprendizaxe que conteñen 4 Secuencias Didácticas e un Proxecto cada unha. (REA)<br>• Revista do ENDLG: "Bico da ría", para publicar as producións do alumnado. (TIC)<br>• Antoloxía de textos ao servizo da lectura guiada na aula.<br>• Listado de lecturas recomendadas para a lectura autónoma.<br>• Uso académico do móbil. |

**5.1. Procedemento para a avaliación inicial**

Antes de acabar o mes de setembro, realizarase a Avaliación Inicial para observar o grao de desenvolvemento das competencias clave do alumnado. De aí que o importante desa avaliación non sexa lembrar os contidos traballados no curso anterior senón as habilidades para poñer en práctica eses contidos, o seu “saber facer”.

Esta Avaliación estruturarase en tres partes:

1. Avaliación da expresión oral a través da autopresentación na aula, á que seguirá o envío dun correo electrónico seguindo as indicacións dadas, polo que tamén se avaliarán as habilidades sociais, a competencia dixital e o grao de autonomía do alumno/a; así como a súa capacidade para aprender a aprender, mellorando no envío electrónico a tarefa realizada espontaneamente na aula.
2. Comprensión oral das explicacións dadas na aula arredor do Caderno TIL que será necesario utilizar na Proba Escrita, polo que tamén se avaliará a capacidade de aprender a aprender e a autonomía do alumno/a.
3. Comprensión e expresión escrita a través da realización de tarefas arredor dun artigo de opinión de recente publicación, guiadas polo Caderno TIL. Tamén servirá para avaliar a conciencia cultural do alumnado.

Acabada a avaliación inicial, ese documento servirá para iniciar a primeira das secuencias didácticas, que ten carácter introdutoria e xirará arredor da importancia dos

contextos e do uso adecuado dos recursos lingüísticos para o desenvolvemento da competencia comunicativa. Esta SD non forma parte da primeira das Situacións de Aprendizaxe, senón que serve de introdución á mesma, pois a súa finalidade e activar os coñecementos previos e servir de modelo para a metodoloxía que se vai a empregar ao longo do curso.

Segundo os resultados acadados polo alumnado no proceso da avaliación inicial, proporanse na Xunta de Avaliación as estratexias a seguir. Estas deberán pasar polos seguintes pasos:

1. Reunión co resto do profesorado do alumno/a para acordar medidas de reforzo conxuntas, especialmente coa docente de Lingua Estranxeira, na procura dun tratamento integrado das linguas.
2. Información á familia do alumnado, procurando a súa participación na evolución do proceso educativo do seu fillo/a, buscando a súa colaboración nas medidas de reforzo que poidan posibilitar o seu progreso educativo.
3. Entrevista coa alumna/o, buscando a súa implicación e colaboración e procurando espertar a súa curiosidade e o seu interese cara o seu propio proceso de aprendizaxe.
4. Proposta de tarefas de reforzo que incidan de xeito individual na resolución dos problemas de aprendizaxe que cada un presente ou proposta dunha tarefa conxunta se for o caso.
5. Presentación da Lectura como un instrumento básico de aprendizaxe, procurando a través dela o desenvolvemento de todas as competencias clave.

# 6. Exixencia duns hábitos de traballo adecuados para acadar un mellor rendemento académico, coa colaboración das familias do alumnado implicado.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **32** | **33** | **35** | **100** |
| **Proba escrita** | 10 | 13 | 15 | **13** |
| **Táboa de indicadores** | 90 | 87 | 85 | **87** |

**Criterios de cualificación:**

· PROBA ESCRITA (10%)

Tendo en conta que os programas de diversificación curricular (PDC) están orientados á consecución do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria por parte do alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e se considere que é a medida máis axeitada para a obtención do dito título, non parece oportuno servirnos de instrumentos de avaliación que posúan un carácter finalista, senón botar man de procedementos destinados a avaliar o proceso de aprendizaxe. Por iso, a PROBA ESCRITA que se realizará ao final de cada trimestre e que seguirá o modelo da Avaliación Inicial, servirá de reforzo e/ou ampliación do proceso de ensino-aprendizaxe desenvolvido ao longo do trimestre e suporá un 10% da nota.

· TAREFAS DAS SD (80%)

Cada Situación de Aprendizaxe contén catro Secuencias Didácticas (SD) organizadas en tres tipos de TAREFAS (inicias, secuenciadas ou posibilitadoras e finais). Cada SD terá un peso do 20% no trimestre. As tarefas das SD (lectura e interpretación de textos literarios procedentes ben de lecturas guiadas ou de lecturas autónomas, intervencións orais planificadas e formais na aula ou noutros espazos públicos, traballos de investigación, produción textual, intervencións espontáneas na aula) son os procedementos para avaliar o alumnado a través de tres instrumentos:

· A observación directa (recollida no Diario de Aula)

· As listas de verificación

· As rúbricas

· PROXECTO (10%)

Na última parte do trimestre o alumnado deberá desenvolver un PROXECTO, a través do cal creará o produto final da Situación de Aprendizaxe. Este Proxecto terá un peso do 10% e será avaliado a través dos mesmos instrumentos que as SD.

· ACTIVIDADES VOLUNTARIAS

Para atender os contidos transversais e valorar o desempeño do alumnado en situacións de aprendizaxe real, botaremos man de ACTIVIDADES VOLUNTARIAS, que suporán poder sumar até 3 puntos, unha vez acadado o 5 na materia ou ámbito. A finalidade destas actividades son tres:

1. Atender á diversidade.

O alumnado caracterízase pola súa heteroxeneidade (diferentes coñecementos previos, diferentes intereses, diferentes situacións persoais, familiares ou sociais, etc.) polo que as persoas docentes debemos atender esa diversidade para dar resposta ás diferentes características, necesidades, ritmos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado; e debemos facelo non só a través dunha resposta educativa, de ensino-aprendizaxe formal, senón tamén a través da transmisión de valores. Para isto distinguiremos entre as TAREFAS da aprendizaxe formal e as ACTIVIDADES informais e de carácter voluntario, como tamén o son as Actividades Complementarias e Extraescolares que se programan cada curso nos centros de ensino.

2. Promover o voluntariado.

O voluntariado é unha das formas de participación social máis relevante e a xente nova debe familiarizarse con ela desde idades temperás. Nunha sociedade tan individualizada como a actual, os centros de ensino deben potenciar actitudes de integración e solidariedade, que contribúan ao desenvolvemento persoal e profesional do alumnado e que, por outra parte, recollen os currículos. A aprendizaxe baseada en servizos á comunidade é unha boa feramenta para fomentar o altruismo e impulsar o activismo social en relación, por exemplo, á igualdade entre homes e mulleres, á defensa do medio ou á procura da normalización da lingua galega.

3. Procurar os ODS da Axenda 2030.

A Axenda 2030, aprobada en 2015 e acordada por 193 países da ONU, é un plan de acción global para procurar dar solución aos grandes desafíos da Humanidade: como a igualdade entre as persoas e a protección do planeta. Presenta 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, entre os que se atopa o ODS4, "Educación de calidade", consistente en garantizar unha educación inclusiva e equitativa de calidade para todos e todas, que busca eliminar as disparidades de xénero no ensino e formar o alumnado para promover un desenvolvemento sostible.

Tendo en conta a diversidade do alumnado, as actividades voluntarias deben favorecer un trato igualitario, polo que deben ser diversas para que todo o alumnado poida, se quere, desenvolver algunha delas. Pola tipoloxía destas actividades e os valores que perseguen, evitaranse aquelas que impliquen competición. Finalmente, a valoración das mesmas realizarase por desenvolver unha actividade, non por pertencer a un grupo ou equipo de traballo (formar parte do ENDLG non puntúa).

Entre as actividades voluntarias o alumnado pode escoller:

- Desenvolver o compromiso coa dinamización da lingua e a promoción da cultura galega, asistindo a representacións teatrais ou proxeccións cinematográficas galegas, participando en certames, asistindo a parladoiros, usando o galego como lingua vehicular propia.
- Desenvolver o compromiso coa igualdade entre homes e mulleres e coa inclusión LGTBI, participando nos proxectos que se desenvolvan arredor do 25N, do 8M e do 17M ou 28X
- Desenvolver o compromiso coa protección do medioambiente, participando en proxectos baseados en servizos á comunidade como Monte vivo
- Desenvolver o hábito lector, realizando lecturas voluntarias.

A cualificación na avaliación ordinaria será a media das tres avaliacións sempre e cando a cualificación de cada unha delas sexa igual ou superior a "5". No caso de obter unha media inferior á acadada na 3ª avaliación, manterase a desta última. A nota das Tarefas Voluntarias só poderá ser engadida unha vez obtido o cinco (5).

**Criterios de recuperación:**

Tendo en conta que a avaliación é continua, non se contemplan probas de recuperación.

Os/as alumnos/as serán informados/as do seu rendemento académico en cada unha das destrezas (comprensión escrita, expresión escrita, comprensión oral e expresión oral) e da cualificación obtida ao final de cada período de avaliación. O alumnado que presente dificultades no proceso de aprendizaxe será orientado para a realización de determinadas tarefas que supoñan un reforzo e sirvan como recuperación das carencias presentadas. Esas tarefas incidirán no desenvolvemento competencial do alumnado, non na adquisición de contidos novos ou na memorización doutros xa coñecidos. Neste caso a lectura e o uso do Caderno TIL para a realización das tarefas que se indiquen será esencial.

Non existen realmente criterios de recuperación, pois a aprendizaxe da lingua é constante e continua, trátase de seguir desenvolvendo as competencias clave e as destrezas lingüísticas, trátase de realizar tarefas que permitan a

mellora das competencias comunicativa e plurilingüe, polo que o que importa é acadar o 5 para superar a materia na convocatoria ordinaria do mes de maio.
Se unha alumna ou alumno non puidese realizar a avaliación inicial será avaliado a través da Tarefa de Reforzo da primeira secuencia didáctica. Por outro lado, se non puidese entregar en prazo unha tarefa, proporáselle un novo prazo en caso de ter unha razón que o xustifique ou que o non cumprimento dos prazos sexa algo excepcional. De repetirse esta circunstancia, non se recollerán tarefas fóra de prazo. Finalmente, se unha alumna ou alumno non pode realizar a proba escrita trimestral e presenta un xustificante adecuado, poderá realizar dita proba noutra data acordada coa persoa docente.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente de cursos anteriores, terá dereito a realizar dúas probas, segundo o calendario que para as probas de pendentes sexa marcado desde a Xefatura de Estudos. Estas probas serán semellantes ás Probas Escritas.
Agora ben, tal e como se recollía na Orde do 30 de Setembro de 2004, se un alumno/a, se o alumno/a aproveita satisfactoriamente as aprendizaxes do curso no que está matriculado e aproba trimestralmente o Ámbito Lingüístico e Social, non precisará examinarse da materia ou materias pendentes, xa que a persoa docente poderá considerar a súa avaliación positiva nesa materia mediante o traballo realizado no presente curso académico. Para isto farase un seguimento do seu labor na aula.
Este seguimento realizarase a través da persoa titora, recolléndoo nun informe trimestral.

ATENCIÓN AO ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE
CONTIDOS
Para poder superar a materia ou materias pendentes do curso anterior, teranse en conta os Criterios de Avaliación e os contidos dos Bloques 2 e 6 (Comunicación nas linguas oficiais e Comunicación na lingua estranxeira).
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
Para poder superar a materia ou materias pendentes do curso anterior, aplicaranse os mesmos criterios de avaliación que ao longo do curso ordinario. A súa cualificación dependerá da realización adecuada das Actividades de reforzo. En caso de non realizalas ou non facelo adecuadamente, deberá superar a proba escrita que realice de xeito extraordinario en Xaneiro e/ou en Maio. Tamén pode superar a materia pendente a través do labor que realice no presente curso, sempre que progrese adecuadamente.
ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

- Actividades de reforzo.
- Probas presenciais.
- Avaliación progresiva.

### 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade estarán orientadas, como se sinala no Decreto 133/2007, a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á

consecución das competencias básicas e dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente. Neste sentido o Programa de Diversificación Curricular é en si mesmo a maior medida de atención á diversidade.

Aínda así, cremos que hai que ter en conta que as diferenzas de partida que hai entre o alumnado impiden conseguir obxectivos idénticos. Trátase de avaliar o camiño transcorrido desde a Avaliación Inicial e individual, até a Avaliación Final. Por iso nos serviremos das seguintes medidas (algunhas delas forman parte das estratexias do DUA) :

- Flexibilidade nos tempos de entrega de tarefas.
- Atención individulaizada fóra das sesións lectivas a través de plataformas dixitais.
- Sesións extraordinarias de traballo, fóra do horario lectivo, para atender ás necesidades dun alumno/a.
- Deseño de tarefas diversas, adaptadas a distintos ritmos de aprendizaxe.
- Uso de recursos diferentes para achegar os contidos e as explicacións a tod@s.
- Aplicación de diferentes instrumentos de avaliación adaptados ás necesidades do alumnado.
- Incorporación en determinadas Secuencias didácticas de Actividades de Reforzo.
- Uso do Traballo de investigación como instrumento favorecedor das técnicas de traballo autónomo que

permite a cada alumno/a aplicar o ritmo e a forma de traballo máis axeitada ás súas características individuais.

- Uso dos Comentarios de distintos tipos de textos, con diferentes graos de dificultade, para formar persoas críticas, mellorar a comprensión e a expresión e, ademais, aumentar as lecturas en función dos gustos ou intereses de cada alumno/a.
- Listaxe de Lecturas Voluntarias ao servizo da diversidade de alumnos/as que poden confluír nunha aula.
- Actividades Voluntarias propostas coa finalidade de desenvolver os contidos transversais, pero co obxectivo de atender á diversidade do alumnado.

**7.1. Concreción dos elementos transversais**

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|---|---|---|
| ET.1 - Fronte ao 25N: Dereitos Humanos! (Para tomar conciencia das situacións de desigualdade económica, cultural, relixiosa, lingüística do mundo entendendo que, máis que un mal inevitábel, son realidades que se poden cambiar). | X | | |
| ET.2 - Castelao e a paz (Para analizar as causas dos conflitos no mundo, tanto a nivel de relacións interpersoais como a nivel de Estados. Aprender a importancia de resolver as discrepancias a través do diálogo, o respecto e a tolerancia). | | X | |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|---|---|---|
| ET.3 - Día da lingua nai (Para valorar as linguas como instrumentos de comunicación en pé de igualdade e insistir na importancia de todas elas como símbolos de identidade dos seus falantes e como as maiores e mellores expresións culturais dos pobos que as crearon, para que todas e todos desfruten dos mesmos dereitos). | | X | |
| ET.4 - Monte vivo (Para fomentar o respecto polo medio ambiente e adquirir hábitos que contribúan á súa conservación). | | | X |
| ET.5 - Glosario violeta (para identificar e corrixir as actitudes que resulten discriminatorias ou ofensivas coas mulleres. Eliminar os compoñentes sexistas no uso da lingua e para aprender a vivir a propia sexualidade con responsabilidade e madurez, respectando as opcións e comportamentos sexuais dos demais). | | | X |
| ET.6 - Music.gal, Curtas.gal e Parladoiro (Para desfrutar dos períodos de lecer con actividades que enriquezan a persoa (lectura, música, deporte, contacto coa natureza...), usando a diversión procedente da tecnoloxía (televisión, internet, consolas de videoxogos...) de maneira responsábel e moderada). | X | X | X |

**Observacións:**

Ademais dos contidos específicos do ámbito Lingüístico e Social, este contribuirá á formación integral do alumnado mediante actividades que desenvolvan aspectos transversais fundamentais para a aprendizaxe en valores esenciais como a igualdade, a responsabilidade, a solidariedade e a tolerancia.
Os temas transversais serán tratados nas Actividades Voluntarias e en textos de natureza diversa que serán analizados ao longo do curso e poderán tamén servir de punto de partida para reflexións persoais expostas por escrito ou ben diálogos e debates orais durante a clase.
A persoa docente será sempre claro referente na dirección ética axeitada que se deba adoptar en cada caso, sen menosprezo da liberdade de pensamento que, dentro dos límites do razoábel, poidan presentar as alumnas e os alumnos e corrixirá aquelas actitudes e opinións que considere lesivas para os valores expostos no primeiro parágrafo deste apartado.
Intentaremos lograr, entre outros, os seguintes obxectivos para cada unha das actividades.

**7.2. Actividades complementarias**

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Samaín | Certame de microrrelatos | X | | |
| Entroido | Creación de coplas | | X | |
| Día das Artes Galegas | Investigación arredor da presenza do escultor Asorey en Rianxo | | X | |
| Día do Libro | Colaboración na preparación dunha feira de intercambio de libros | | X | |
| 25 de Abril | Interpretación de "Grândola, vila morena" | | | X |

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Letras Galegas 2024 | Participación na lectura continuada de textos de Luisa Villalta | | | X |
| Saída didáctica | Realización do roteiro rosaliano | | | X |

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Programa a materia tendo en conta os plans e proxectos educativos do centro. |
| Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta. |
| Programa actividades e estratexias en función das necesidades do alumnado. |
| Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado. |
| Establece, de xeito explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación. |
| Metodoloxía empregada |
| Organiza os saberes dando unha visión xeral de cada SD (índices, esquemas...) |
| Relaciona os conceptos novos cos xa coñecidos. |
| Amosa predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases. |
| Utiliza as TICs para apoiar os contidos na aula. |
| Promove o traballo colaborativo |
| Presenta actividades de grupo e individuais. |
| Facilita estratexias de aprendizaxe (como buscar información, como resolver problemas,¿) |
| Utiliza sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Utiliza outros espazos ademais da aula. |
| Organiza a aula variando e adaptando a disposición das mesas e a orientación ás necesidades das tarefas que se estean a realizar. |

| Medidas de atención á diversidade |
|---|
| Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación. |
| Propón novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente. |
| Relaciona os contidos e actividades cos intereses do alumnado. |
| Clima de traballo na aula |
| Utiliza distintos recursos para introducir a SD (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...). |
| Estimula a participación activa do alumnado na clase. |
| Promove a reflexión sobre os temas tratados. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Programa a materia coordinándose co resto do profesorado do departamento e do centro (Tratamento Integrado de Linguas). |
| Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas. |
| Emprega diferentes medios para informar do proceso de aprendizaxe aos estudantes e ás súas familias. |

**Descrición:**

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O proceso de avaliación servirá para constatar o nivel de éxito á hora de acadar os obxectivos propostos. Será continuo e aberto e será esencial no proceso de autocorrección dunha programación que é susceptíbel de ser modificada a partir da experiencia real nas aulas, o que redundará no seu valor formativo. Analizará as deficiencias e logros en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe e aportará instrumentos útiles para a mellora da dinámica educativa en todos os seus aspectos.
O proceso de avaliación deberá ser abordado en dous niveis complementarios:
a) A avaliación da programación en si, en tanto que instrumento pedagóxico. Trátase de verificar se o dispositivo pedagóxico empregado é adecuado e cales son os aspectos en que se poderían presentar maiores conflitos: no nivel de profundidade dos saberes tratados en cada nivel educativo, na idoneidade da secuenciación dos mesmos, no nivel de complexidade dos mecanismos empregados no proceso de ensinanza-aprendizaxe (sobre todo no emprego das TIC nos cursos máis baixos, nos que o nivel de competencia dixital dos/das alumnos/as é moi desigual), na efectividade das actividades e lecturas propostas, na idoneidade dos materiais curriculares empregados...
A través das reunións semanais de departamento, iranse analizando estas cuestións e realizaranse as modificacións puntuais que se considere oportunas, neste mesmo curso sempre que for posíbel, ou tomarase nota delas para reformalas de cara a próximos cursos.
b) A avaliación da interactuación do alumnado coa programación. Trátase de avaliar o nivel de resposta do alumnado coa acción pedagóxica e a capacitación deste á hora de avanzar nas diferentes competencias educativas que poida integrar.

- Competencia en comunicación lingüística: a observación das habilidades do alumnado para empregar correctamente a linguaxe, tanto na comunicación oral como na escrita, saber interpretar mensaxes dunha certa complexidade e estar capacitado para emitir xuízos críticos, xerando ideas propias e adoptando decisións persoais.
- Tratamento da información e competencia dixital: as actividades realizadas con axuda das TICs contribuirán notablemente a desenvolver a capacidade do alumnado para obter e procesar información dos novos soportes informáticos, transmitila e transformala en coñecemento. A avaliación desta competencia será fundamental para a analizar eficacia pedagóxica destas estratexias.
- Competencia social e cidadá: a participación activa do alumnado na aula, fisicamente ou a través da aula virtual, favorecerá a intercomunicación entre o alumnado en tarefas comúns, a capacidade para valorar tanto as opinións propias como as alleas e integralas de maneira coparticipativa nunha única dinámica de ensinanza-aprendizaxe.
- Competencia cultural e artística: En boa parte, os contidos do currículo, fundamentalmente de literatura, abórdanse desde unha perspectiva interdisciplinar, vinculándose a outras expresións artísticas e culturais coas que mantén unha relación directa. Será importante avaliar a capacidade do alumnado para entender, a partir desa visión, o fenómeno da literatura como unha mostra artística integrada no conxunto das manifestacións culturais dunha sociedade determinada. Por outro lado, avaliarase a súa competencia para empregar os recursos propios da expresión literaria en traballos de creación que se irán propoñendo ao longo do curso.
- Autonomía e iniciativa persoal: a procura individual de información, a responsabilidade persoal á hora de discriminala, a capacidade para aportar iniciativas ao grupo, servirán para avaliar esta competencia, para analizar até que punto cada alumno/a é capaz de responder aos retos que se lle presentan á hora de tomar decisións que teñan repercusións na súa contorna pedagóxica (e por extensión, na súa vida).
Finalmente, a elaboración das Memorias Trimestrais, así como da Memoria Final servirá para concretar a avaliación desta programación didáctica, revisándoa e corrixíndoa.

## 9. Outros apartados